



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 2 DE
NOVEMBRO DE 2011**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás dez horas do día dous de novembro de dous mil once, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, réunese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto, mediante Resolución de Alcaldía de data 28 de outubro, supletoria da correspondente ao día 31 de outubro de 2011.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta Maria Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Intervén como secretaria da Corporación dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 24 de outubro de 2011.

O señor presidente fai constar que non se puido remitir o borrador correspondente á sesión ordinaria de data 24 de outubro de 2011, polo que se aprobará na seguinte sesión.

2º.- Correspondencia.

- Escrito do Concello de Cerceda, rexistrado de entrada con data do día 24 de outubro de 2011 co número 17.396, no que comunica o decreto da Alcaldía-Presidencia, polo que se autoriza a solicitude de comisión de servizos de don Enrique Vázquez Mirón, funcionario do concello, pertencente á escala de Administración Especial, subescala Servizos Especiais, grupo C1 policía local, no Concello de Cambre. A comisión de servizos comezará a prestarse o día 1 de novembro de 2011 e terá a duración dun ano.

- Escrito da Secretaría Xeral de Familia e Benestar, Consellería de Traballo e Benestar, rexistrado de entrada con data do día 24 de outubro de 2011 co número 17.397, no que ao abeiro da Orde do 3 de marzo de 2011, pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2011 e as fichas de avaliación e memorias financeiras relativas ao ano 2010, se concede a subvención para os conceptos e nas contías que se relacionan a continuación:

- axuda no fogar (prestación básica), total concedido: 21.639,39 euros.

- Escrito da xefatura territorial da Consellería de Sanidade, rexistrado de entrada con data do día 24 de outubro de 2011 co número 17.405, no que comunica que se lle dá traslado do escrito remitido de data 18 de outubro de 2011, relativo á moción presentada respecto das deficiencias no servizo nocturno de urxencias no centro de saúde de Cambre, á Xerencia de Atención Primaria da Coruña, ao tratarse dun asunto da súa competencia.

- Escrito do xefe do gabinete técnico do Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino, rexistrado de entrada con data do día 26 de outubro de 2011 co número 17.526, no que acusa recibo da certificación do acordo adoptado polo Pleno desta Corporación con data do día 22 de setembro de 2011, en relación co apoio á ría do Burgo. Así mesmo, comunica que se traslada o citado acordo á Secretaría de Estado de Medio Rural y Auga, centro xestor do departamento, competente nesta materia.

- Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras. (Diario Oficial de Galicia número 205, de data 26 de outubro de 2011).

- Escrito da Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, rexistrado de entrada con data do día 31 de outubro de 2011 co número 17.688, no que achega certificación do acordo da sala de goberno de data 14 de outubro de 2011, respecto da renuncia ao cargo de xuíz de paz substituta de Cambre e interesando se inicien os trámites pertinentes para nova designación de xuíz de paz substituto.

A Xunta de Goberno Local acordou enviar un escrito para que sexa o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia quen faga o nomeamento.

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes da alcaldía

O señor alcalde informa que o xoves día 27 de outubro asistiu a unha reunión do Consorcio das Mariñas na que, entre outros, se deu conta dos seguintes asuntos:

- da rescisión do contrato ao anterior xerente, don Antonio Roncero Corrochano, e se nomeou con carácter provisional a don Miguel Angel Sandar Picado.
- da entrada en vigor do servizo de lacería e canceira, asinándose o contrato o mesmo día 27.
- aprobación da modificación da ordenanza reguladora da taxa de residuos urbanos polo incremento do IPC.

Para finalizar, o señor alcalde informa que con data do día 31 de outubro de 2011 se rexistrou de entrada co número 17.727, un escrito de Amnistía Internacional, sección española-Galicia, grupo da Coruña, no que, dentro dos actos que van a ter lugar entre os días 10 de outubro día mundial en contra da pena de morte, e 30 de novembro, día das Cidades pola Vida, presenta unha das propostas da organización de cara ao 30 de novembro de poder colgar en edificios emblemáticos das cidades, grandes pancartas co lema "Non á pena de morte" entre os días 30 de novembro e 10 de decembro e se presente ao Pleno a proposta de adopción dunha declaración institucional na que o goberno do concello se manifeste publicamente pola vida e en contra da pena de morte.

Logo da deliberación, o señor alcalde propón a redacción dunha declaración institucional para a súa inclusión no primeiro pleno que teña lugar, proposta á que amosan a súa conformidade todos os membros da Xunta de Goberno Local.

Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa que recibiron unha notificación da empresa que ten a concesión da piscina climatizada da Barcala, que manifesta que o tellado ten goteiras e comenta que se lle informou xa ao departamento de obras e servizos.

A continuación, informa que a Deputación provincial solicita que se xustifique a subvención concedida para a construción de vestiarios na piscina do Temple.

Tamén informa que na acta que redactaron os arbitros dos partidos deste fin de semana que tiveron lugar no campo de fútbol Dani Mallo consta que o terreo de xogo carece de suficiente luz. A reparación das luminarias oscila entre 6.000 e 8.000 euros.

Para finalizar, don Fernando Caride Suárez informa que recibiu un escrito da comisión de festas San Martiño de Andeiro, no que solicitan a retirada lateral do peche da pista polideportiva de Andeiro, para así poder celebrar as súas festas os días 12 e 13 de novembro.

Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

Dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que se reuniu cun representante de Comisións Obreras da Fundación Tripartita, o cal solicitou o centro de formación para uns cursos de enerxía solar térmica cun número de quince alumnos e subvencionado polo Ministerio de Traballo. Solicitan que dende a área de Emprego, organicen o curso. Estudouse a proposta e o custo que supón para o Concello, e o van a organizar, de tal xeito que, unha vez se conceda a subvención polo Ministerio de Traballo, aproximadamente duns 62.000 euros, esa subvención se entregará ao Concello para que organice o curso, xa que é un centro homologado para a impartición do certificado de profesionalidade.

A continuación, informa que os días 26 e 27 de outubro houbo xuntanzas con comerciantes e hostaleiros emprendedores e, nestas reunións, se presentaron as liñas de traballo que se van a seguir na concellería para o fomento do emprego. Engade que son seis liñas básicas as que se expuxeron. Escoitaronse as propostas dos empresarios e esas medidas están a disposición de quen as queira ver no departamento de emprego. Así mesmo, están abertos ás propostas dos demais grupos. Invitouse aos grupos municipais, os cales estiveron presentes, agás Unión por Cambre, que se escusou debido a que estaban ausentes do municipio.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Rios Rama entrega o currículum vitae das persoas que formarán parte do xurado do certame de pintura "Concello de Cambre". Manifesta que se presentaron cento cincuenta e dúas obras de cento vinteun artistas e entrega a relación das obras.

Don Santiago Manuel Rios Rama informa que o venres ás 9,30 horas é a cea no Hotel Rias Altas e invita aos señores concelleiros que desexen asistir. Engade que o sábado é o fallo do xurado e a comida será no restaurante La Estación, e invitarase aos voceiros para este día.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

A continuación, informa que mañá haberá unha exposición de acuarelas a cargo de Susana Meitín no museo de Cambre, ás 20,30 horas.

Para finalizar, don Santiago Manuel Rios Rama manifesta que está preparado o convenio para asinar coa escola de baile As Mariñas e fai a entrega ao señor alcalde para que, cando o teña examinado, se poida asinar.

Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocio Vila Diaz informa que mañá presentarán o proxecto básico e de execución de Villa Concepción, e cómpre convocar o pleno extraordinario porque o hai que remitir á Deputación provincial.

Tamén informa dona Rocio Vila Diaz que estivo no Concello de Abegondo na presentación do proxecto “xente no camiño”, e queren facer un centro de interpretación da sociedade galega medieval. Este proxecto executarase no propio municipio, e solicitarán subvencións das distintas administracións públicas.

Para rematar, dona Rocio Vila Diaz informa que o día 17 de novembro se reunirá cos redactores do plan xeral para que estes fagan unha exposición do que teñen feito ata o de agora e di que se notificará aos membros da oposición.

Informes do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación

Don Felipe Andreu Barallobre solicita a dona Maria Jesús González Roel que se redacte un informe sobre a situación dos comedores escolares e as perspectivas para os dous vindeiros cursos.

A continuación, don Felipe Andreu Barallobre informa que nos orzamentos municipais se inclúe a RPT e o cadro de persoal. Engade que a RPT a negociou cos sindicatos, os cales non lle fixeron peticións para o vindeiro ano. Terán unha reunión da mesa de negociación o día 8 ás 10 horas da mañá para ratificar os acordos que teñen agora de xeito verbal. A única modificación será o posto do condutor de alcaldía e o resto queda todo igual.

Don Felipe Andreu Barallobre informa que, en relación coa proposta do grupo municipal do PS de G-PSOE, de que a mesa permanente de contratación formule proposta tamén nos expedientes de contratación negociados sen publicidade, solicitou unha relación do número de expedientes, e tendo en conta que son a maior parte dos que se incoan, non é operativo.

Para rematar, don Felipe Andreu Barallobre informa que se efectuaron as transferencias de fondos das dúas últimas obras que quedaban por xustificar, do Fondo Estatal para o Emprego e a Sostibilidade Local 2010, respecto das obras de “mellora das redes de saneamento de Ponte Cela e A Xira” e “mellora da seguridade vial e redes de saneamento de Aián”.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as doce horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente



Manuel Rivas Caridad

A secretaria



Maria Lusa de la Red Ampudia